

NOVIDADES DO CALENDARIO FINAL DE CURSO 2021/2022

A Consellería vén de modificar o calendario escolar para o curso 2021/2022. Estas modificacións aparecen na disposición derradeira primeira da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG 11-2-2022).

Na práctica, implican:

SEMANA 6 A 10 DE XUÑO

- ⇒ Terceira avaliación da ESO e entrega de cualificacións.
- ⇒ Avaliación final ordinaria de 1º bacharelato e entrega de cualificacións.
- ⇒ Avaliación final ordinaria de 1º FP Básica e entrega de cualificacións

DO 6 AO 22 DE XUÑO

- ⇒ Para a ESO: realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
 - Deseñaranse actividades de apoio e recuperación para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar.
 - Deseñaranse actividades de reforzo e ampliación para o alumnado aprobado.
- ⇒ Para 1º Bacharelato de FP Básica:
 - Preparación das probas extraordinarias, mediante actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
 - Actividades de reforzo e ampliación para o alumnado aprobado.
 - Realización das probas extraordinarias entre os días 20 a 22.

DO 23 A 30 DE XUÑO

- ⇒ Avaliación final da ESO.
- ⇒ Avaliación extraordinaria de Bacharelato e 1º FP Básica.
- ⇒ Entrega de notas e reclamacións.
- ⇒ Matrícula do alumnado

NOTAS:

1. Desaparecen as probas de setembro.
2. Desaparecen as probas extraordinarias na ESO.
3. O alumnado de 1º de Bacharelato e 1º de FPB que supere todas as materias o día 3 de xuño ten xa as notas definitivas, pero deberá seguir asistindo ás aulas ata o día 22.
4. Os criterios para o deseño das actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría de cada departamento didáctico serán publicadas na páxina web do centro a partir do día 11 de abril de 2022.